

Reclamación dirixida á Consellería de Política Social e Xuventude referente ao retraso dunha revisión da discapacidade

Expediente: G.6.Q/5108/23

Santiago de Compostela, 25 de maio de 2023

Sra. conselleira:

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do escrito de XXX referente ao retraso dunha revisión da valoración de discapacidade.

#### ANTECEDENTES

##### 1. No escrito indícanos

“...presento o seguinte escrito para mostrar a miña desconformidade en relación co tempo de espera para a valoración da revisión do certificado de discapacidade. Iniciei a revisión do grao de discapacidade o día 15/02/2022 pois o meu estado de saúde empeorou desde que me foi recoñecida a discapacidade (23/10/2021), pero logo dunha reclamación presentada o 29/06/2022 na que se me indica que hai un atraso nas valoracións; e, pasando xa máis de 14 meses desde que se iniciou o procedemento aínda non se puxeron en contacto comigo.

Solicito que, desde a Valedora do Pobo, tómense medidas coa sección de cualificación e valoración de discapacidades de Vigo, xa que se están vulnerando reiteradamente os dereitos das persoas con discapacidade, pois non están a cumprir nin de lonxe co tempo establecido na lexislación correspondente para a súa resolución, comunicando desde o propio teléfono da Xunta unha demora ata de 18 meses, o cal é indigno para aquelas persoas que deberiamos estar protexidas, pois con este recoñecemento o que se pretende é garantir a igualdade de condicións para o acceso da cidadanía aos dereitos previstos na lexislación.

A resposta ofrecida na queixa presentada ante a administración (Xefatura Territorial de Vigo, Consellería de Política Social e Xuventude) só indica que hai un atraso nas valoracións, pero está claro á vista do tempo de espera, que as medidas que se tomaron non son suficientes. O moi probable aumento do meu grao de discapacidade daríame acceso a unha serie de beneficios que favorecerían tanto a miña inclusión laboral e por tanto a miña calidade de vida.

Padezo unha enfermidade rara..., que caracteriza por unha neuropatía sensitivomotora e/o autonómica periférica progresiva. Quero aproveitar a ocasión para aclarar que as denominadas enfermidades raras son aquelas que afectan a un número pequeno de persoas en comparación coa poboación xeral e que, pola súa rareza, expoñen cuestións específicas. A rareza defínese de acordo con a lexislación europea que establece un límite de prevalencia de non máis de 5 casos por cada 10.000 (Regulamento (CE) N.º 141/2000 do Parlamento Europeo e do Consello, do 16 de decembro de 1999, sobre medicamentos orfos (EC Regulation on Orphan Medicinal Products) o cal tampouco se ten en conta como motivo para a tramitación de urxencia.

Achégase a reclamación presentada no seu momento e a resposta que se ofreceu, desde a Xefatura Territorial de Vigo, Consellería de Política Social e Xuventude. Ademais de informes actualizados da miña condición de saúde.”

2. Ante iso requirimos información a esa consellería, que nola remitiu. No informe sinálase o seguinte:

*“En relación á solicitude de informe anteriormente referenciada exponse o seguinte:*

#### **ANTECEDENTES**

*Primeiro. XXX compareceu perante a Valedora do Pobo mediante un escrito no que manifesta a súa desconformidade coa demora na revisión do grao de discapacidade.*

*Segundo. XXX (en adiante a persoa interesada) ten recoñecido:*

*Grao de discapacidade do 58%, carácter da valoración definitivo dende 23/10/2018*

*Existencia de dificultades de mobilidade para utilizar transportes colectivos: 7 puntos, carácter da valoración: definitivo dende 23/10/2018*

*Terceiro. O 15/02/2022 a persoa interesada presentou unha solicitude de revisión por agravamento.*

*Cuarto. As solicitudes de valoración inicial ou revisión do grao de discapacidade tramítanse respectando a orde de entrada das solicitudes agás que teñan a consideración de carácter urxente ou prioritario.*

*Os supostos declarados prioritarios ou de urxencia tramítanse con carácter previa ás solicitudes de "prioridade estándar". Para que unha solicitude se tramite con carácter prioritario ou de urxencia é preciso xustificalo de forma documental.*

*A persoa interesada non aportou ningunha documentación que xustifique unha tramitación prioritaria ou urxente.*

#### **CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS**

*Primeira. De acordo coa normativa de aplicación, os expedientes de valoración da discapacidade deben tramitarse por orde de entrada agás no caso de que o órgano competente entenda que existen razóns de interese público obxectivamente motivadas que permitan alterar este orde.*

*Ademais dáselle prioridade ás solicitudes urxentes polos seguintes motivos debidamente xustificadas:*

- a) Acceso ao emprego e ás ensinanzas reguladas onde exista reserva de prazas para persoas con discapacidade.*
- b) Solicitudes de axudas/subvencións sometidas a prazos.*
- c) Menores de 18 anos.*
- d) Maiores de 90 anos.*
- e) Pensión non contributiva ou prestación por fillo a cargo.*
- f) Caducidade da valoración do grao de discapacidade.*
- g) Existencia dun procedemento aberto, xudicial ou administrativo, relativo á violencia de xénero, que poida verse afectado polo recoñecemento e cualificación do grao de discapacidade.*

*Tamén se lle dá prioridade na valoración de discapacidade ás persoas incluídas nas seguintes patoloxías: ELA, ataxias rapidamente progresivas, distrofias musculares e escleroses múltiples de evolución rápida, enfermidades metabólicas con trastornos motores, neoplasias en estadio IV.*

*Segunda. Nestes momentos existe un elevado número de solicitudes para tramitar o que está a producir un atraso nos prazos en que se cita ás persoas usuarias e se notifican as resolucións.*

*Terceira. A Consellería de Política Social e Xuventude adoptou unha serie de medidas co obxectivo de mellorar a tramitación dos expedientes de valoración da discapacidade. Unha das medidas adoptadas foi o reforzo dos equipos de valoración da discapacidade coa finalidade de tentar reducir os tempos de espera para as valoracións.*

*Na actualidade estase desenvolvendo un Plan especial de reforzo de persoal técnico no procedemento de valoración da discapacidade, operación cofinanciada pola Unión Europea a través do Programa Operativo FSE Galicia con recursos REACT-UE, co cal se levou a cabo a contratación de persoal cualificado para efectuar valoracións do grao de discapacidade o que implicou a posta en funcionamento de 6 novos equipos de valoración da discapacidade na Oficina de Valoración e Cualificación de discapacidades de Vigo.*

*Cuarta. Tal e como se indicou, non consta no expediente da persoa interesada ningunha documentación que acredite unha tramitación prioritaria ou urxente polo que dita solicitude estase tramitando como "prioridade estándar".*

*Non é posible efectuar a data de hoxe unha estimación da data previsible para a valoración da revisión da discapacidade da persoa interesada".*

ANÁLISE

1. Confírmase o expresado na queixa; a revisión da valoración da discapacidade atópase retrasada, posto que iniciouse o 15-2-22 e segue sen resolverse, a pesar de que o prazo é de 3 meses.
2. A consellería non anuncia unha data previsible de valoración e resolución, co que a incerteza continúa.
3. O informe tamén sinala que a solicitude non aporta motivo de urxencia ou prioridade -de entre os regulamentados-, polo que se tramita de forma estándar.
4. A través de diferentes queixas coñecemos os retrasos que sofren as valoracións de discapacidade que se clasifican como estándar. Como resposta as actuacións da Valedoría (recomendacións, actuacións de oficio e comentarios nos informes ao Parlamento de Galicia) a consellería informou da aplicación de medidas para reducir eses retrasos, fundamentalmente o reforzo de persoal, pero apreciase que, aínda que diminuíron, as esperas persisten.
5. A consellería menciona o aumento de persoal que xa indicara hai tempo e que por tanto se atopa operativo dende que se recibiron os primeiros informes que o indicaban. Porén, despois dun tempo considerable seguen producíndose retrasos de consideración, como neste caso, que dende a solicitude xa transcorreron un ano e 3 meses, é dicir, 4 veces máis do previsto no prazo. Iso fai preciso que se avalíen e adopten novas medidas que permitan evitar os reiterados retrasos, que se comprobaban dende hai tempo.
6. A persoa que reclamou por esta forma de actuar demanda a preservación de intereses especialmente protexidos na Constitución Española, que sinala que os poderes públicos realizarán unha política de prevención, tratamento, rehabilitación e integración das persoas con discapacidade, as que prestarán a atención especializada que requiran e ampararán especialmente para que gocen dos dereitos que este título (I) outorga a todos os cidadáns (art. 49).

## CONCLUSIÓNS

Por todo o sinalado ata agora considérase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, da Valedora do Pobo, facer chegar a esa Consellería de Política Social e Xuventude a seguinte recomendación:

*Que ás medidas xa aplicadas dende hai tempo se engadan as demais que sexan precisas para corrixir os retrasos nas valoracións de discapacidade, que prexudican ás persoas afectadas ao retrasar o acceso aos eventuais beneficios; e que se resolva sobre a valoración da persoa afectada no presente caso, posto que se atopa demorada.*



Agradecendo de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución da Valedora do Pobo, recordámoslle a necesidade de que no prazo dun mes de conta a esta institución da aceptación da recomendación formulada, no seu caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén no seu caso.

Ademais, en aplicación do principio de transparencia a partir da semana seguinte a data na que ditou esta resolución incluírase na páxina web da institución.

Saúdoa atentamente.

María Dolores Fernández Galiño  
Valedora do Pobo